

CELEBRACIÓN DE LA EUCARISTÍA

Saludo de entrada

(Con esta u otras palabras, se puede añadir alguna circunstancia concreta de la vida parroquial)

Querido Sr. Obispo:

La Parroquia de _____ se alegra de recibir su visita pastoral. En nombre de toda la comunidad parroquial le saludo y le recibo como al que viene en nombre del Señor. Le abrimos nuestra iglesia, nuestras casas y nuestros corazones. La visita pastoral es para nosotros un estímulo, un despertar, una llamada a una nueva conciencia, a una mayor actividad. Como responsable de todas y cada una de las comunidades de la diócesis de Mondoñedo-Ferrol nos va a ayudar a revisar nuestra vida cristiana y nuestra acción apostólica para convertirnos más al Señor y ser cada día más fieles al Evangelio de Jesucristo. ¡Bienvenido, don Fernando!

Credo

Se hacen la renovación de las promesas bautismales y se asperja con el agua bendita.

Oración de los fieles

1.- Por nuestra Iglesia diocesana de Mondoñedo-Ferrol: para que, con la ayuda del Espíritu Santo que la anima, se sienta enviada en medio de nuestra tierra para ser buena noticia a los pobres, esperanza a los afligidos y misericordia para todos. Roguemos al Señor.

2.- Por nuestro obispo Fernando que hoy nos visita: que sea el pastor solícito que necesitamos y nos anime en el seguimiento de Jesús y en el conocimiento de su Evangelio. Roguemos al Señor.

3.- Por las familias de nuestra parroquia y de nuestra unidad pastoral: que sean Iglesia doméstica que ayuden a descubrir y a vivir la hermosura de la fe y del conocimiento de Jesucristo. Roguemos al Señor.

4.- Que el Señor nos regale siempre suficientes vocaciones sacerdotales, para la vida consagrada y para el matrimonio y la transformación de nuestro mundo en el Reino que Él ha hecho presente. Roguemos al Señor.

5.- Por todos los que sufren en nuestro mundo, especialmente en nuestra ciudad (pueblo): por los enfermos, por los migrantes, por los que atraviesan situaciones difíciles, por los que se siente solos, por los que no tienen trabajo, por los desesperados de la vida. Que nuestra Iglesia se pueda convertir en hogar cercano para ellos. Roguemos al Señor.

6.- Recordamos hoy a todos los difuntos, especialmente a todos los que nos han dejado en nuestra parroquia y unidad pastoral desde la última Visita Pastoral. Que el Señor les conceda la paz y el descanso eternos. Roguemos al Señor.

7.- Por los que hoy nos hemos reunido festivamente para acoger y celebrar junto con nuestro obispo. Que esta eucaristía nos ayude a crecer en la fe, en la esperanza y en la caridad, a descubrir nuestra identidad como cristianos misioneros en medio del mundo. Roguemos al Señor.

Ofrendas

Ofrecer procesionalmente, al menos, el pan y el vino.

Oración para el silencio de la comunión

(Se puede hacer la oración de la visita pastoral actualizada en presente)

Gracias, Padre nuestro querido,
porque nos has hecho para la fraternidad,
y a la fraternidad mayor nos convocas.

Está con nosotros nuestro obispo y pastor
recordándonos que somos una comunidad cristiana,
alentándonos para que tengamos vida,
vida abundante, vida compartida,
vida llena de Aquel que es la Vida.
Gracias de corazón.

Está con nosotros nuestro obispo y pastor
para avivar en nosotros
el seguimiento de Jesús, en comunidad, en Iglesia, en pueblo,
y así demos fiel testimonio edificando tu Reino.
Gracias por lo mucho que en nosotros confías.

Está con nosotros nuestro obispo y pastor
invitándonos en tu nombre
a una vida sencilla, sin malicia, digna y justa,
enredando cuerpo y alma
con la existencia de la gente empobrecida.

Que te abramos el oído, la inteligencia, el corazón,
como lo hizo María de Nazaret,
nuestra Madre y Hermana mayor,
para que el Espíritu haga de nosotros
presencia de ti en el mundo. Amén.

CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA

Saúdo de entrada

(Con esta ou outras palabras, pódese engadir algunha circunstancia concreta da vida parroquial)

Querido Sr. Bispo:

A parroquia de _____ alégrase de recibir a súa visita pastoral. En nome de toda a comunidade parroquial saúdolle e recíbolle como ao que vén en nome do Señor. Abrímoslle a nosa igrexa, as nosas casas e os nosos corazóns. A Visita pastoral é para nós un estímulo, un espertar, unha chamada a unha nova conciencia, a unha maior actividade. Como responsable de todas e cada unha das comunidades da diocese de Mondoñedo-Ferrol vai axudar a revisar a nosa vida cristiá e a nosa acción apostólica para converternos máis ao Señor e ser cada día máis fieis ao Evanxeo de Xesucristo. Benvido, don Fernando!

Credo

Fanse a renovación das promesas bautismales e aspérxese coa auga bendita.

Oración dos fieis

1.- Pola nosa Igrexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol: para que, coa axuda do Espírito Santo que a anima, se sinta enviada no medio da nosa terra para ser boa noticia aos pobres, esperanza aos aflixidos e misericordia para todos. Roguemos ao Señor.

2.- Polo noso bispo Fernando que hoxe nos visita: que sexa o pastor solícito que necesitamos, e nos anime no seguimento de Xesús e no coñecemento do seu Evanxeo. Roguemos ao Señor.

3.- Polas familias da nosa parroquia e da nosa unidade pastoral: que sexan Igrexa doméstica que axuden a descubrir e a vivir a fermosura da fe e do coñecemento de Xesucristo. Roguemos ao Señor.

4.- Que o Señor nos regale sempre suficientes vocacións sacerdotais, para a vida consagrada e para o matrimonio e a transformación do noso mundo no Reino que El fixo presente. Roguemos ao Señor.

5.- Por todos os que sofren no noso mundo, especialmente na nosa cidade (pobo): polos enfermos, polos migrantes, polos que atravesan situacións difíciles, polos que sente sós, polos que non teñen traballo, polos desesperados da vida. Que a nosa Igrexa se poida converter en fogar próximo para eles. Roguemos ao Señor.

6.- Lembramos hoxe a todos os defuntos, especialmente a todos os que nos deixaron na nosa parroquia e unidade pastoral desde a última visita pastoral. Que o Señor lles conceda a paz e o descanso eternos. Roguemos ao Señor.

7.- Polos que hoxe nos reunimos festivamente para acoller e celebrar xunto co noso bispo. Que esta eucaristía nos axude a crecer na fe, na esperanza e na caridade, e a descubrir a nosa identidade como cristiáns misioneiros no medio do mundo. Roguemos ao Señor.

Ofrendas

Ofrecer procesionalmente, polo menos, o pan e o viño.

Oración para o silencio da comunión

(Pódese facer a oración da visita pastoral actualizada en presente)

Grazas, noso Pai querido,
porque nos fixeches para a fraternidade,
e á fraternidade maior convócasnos.

Está connosco o noso bispo e pastor
lembrándonos que somos unha comunidade cristiá,
alentándonos para que teñamos vida,
vida abundante, vida compartida,
vida chea daquel que é a vida.
Grazas de corazón.

Está connosco o noso bispo e pastor
para avivar en nós
o seguimento de Xesús, en comunidade, en Igrexa, en pobo,
e así demos fiel testemuño edificando o teu Reino.
Grazas polo moito que en nós confías.

Está connosco o noso bispo e pastor
convidándonos no teu nome
a unha vida sinxela, sen malicia, digna e xusta,
enredando corpo e alma
coa existencia da xente empobrecida.

Que che abramos o oído, a intelixencia, o corazón,
como o fixo María de Nazaret,
a nosa Nai e Irmá maior,
para que o Espírito faga de nós
presenza de ti no mundo. Amén.